

b) Non obstante o sinalado na alínea a) anterior, o xuíz poderá autorizar, por instancia do interesado e logo de audiencia do ministerio fiscal, a saída do estranxeiro do territorio español na forma que determina a Lei de axuízamento criminal.

c) Non serán de aplicación as previsións contidas nos parágrafos anteriores cando se trate de delitos tipificados nos artigos 312, 318 bis, 515.6.^a, 517 e 518 do Código penal.»

Tres. O punto 1 do artigo 61 queda redactado como segue:

«1. Desde o momento en que se incoe un procedemento sancionador no que se poida propo-la expulsión, o instructor, co fin de asegura-la resolución final que puidese recaer, poderá adoptar algunha das seguintes medidas cautelares:

a) Presentación periódica ante as autoridades competentes.

b) Residencia obrigatoria en determinado lugar.

c) Retirada do pasaporte ou documento acreditativo da súa nacionalidade, logo de entrega ó interesado do xustificante acreditativo de tal medida.

d) Detención cautelar, pola autoridade gubernativa ou os seus axentes, por un período máximo de 72 horas previas á solicitude de internamento.

En calquera outro suposto de detención, a posta á disposición xudicial producirase nun prazo non superior a 72 horas.

e) Internamento preventivo, logo de autorización xudicial nos centros de internamento.»

Catro. O punto 1 do artigo 62 terá a seguinte redacción:

«1. Incoado o expediente polas causas comprendidas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 54, así como a), d) e f) do artigo 53, no que se poida propo-la sanción de expulsión do territorio español, o instructor poderalle solicitar ó xuíz de instrucción competente que dispoña o seu ingreso nun centro de internamento mentres se realiza a tramitación do expediente sancionador, sen que sexa necesario que recaese resolución de expulsión.

O xuíz, logo de audiencia do interesado, resolverá mediante auto motivado, atendidas as circunstancias concorrentes e, en especial, o feito de que careza de domicilio ou de documentación, así como a existencia de condena ou sancións administrativas previas e doutros procesos penais ou procedementos administrativos sancionadores pendentos.»

Artigo terceiro. *Modificación do Código civil.*

Un. A rúbrica do capítulo XI do título IV do libro I do Código civil quedará redactada do seguinte xeito:

«Lei aplicable á nulidade, á separación e ó divorcio.»

Dous. O segundo parágrafo do punto 2 do artigo 9 do Código civil quedará redactado do seguinte xeito:

«A nulidade, a separación e o divorcio rexeranse pola lei que determina o artigo 107.»

Tres. O artigo 107 do Código civil quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 107.

1. A nulidade do matrimonio e os seus efectos determinaranse de conformidade coa lei aplicable á súa celebración.

2. A separación e o divorcio rexeranse pola lei nacional común dos cónxuxes no momento da presentación da demanda; na falta de nacionalidade común, pola lei da residencia habitual común do matrimonio no dito momento e, en defecto desta, pola lei da última residencia habitual común do matrimonio se un dos cónxuxes aínda reside habitualmente no dito Estado.

En todo caso, aplicarase a lei española cando un dos cónxuxes sexa español ou resida habitualmente en España:

a) Se non resultase aplicable ningunha das leis anteriormente mencionadas.

b) Se na demanda presentada ante tribunal español a separación ou o divorcio o piden ámbolos cónxuxes ou un co consentimento do outro.

c) Se as leis indicadas no parágrafo primeiro deste punto non recoñecesen a separación ou o divorcio ou o fixesen de forma discriminatoria ou contraria á orde pública.»

Disposición derradeira primeira. *Carácter desta lei.*

O artigo terceiro desta lei ten carácter ordinario e dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación civil, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 29 de setembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

18089 LEI 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social. («BOE» 234, do 30-9-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viron e a entenderon que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O establecemento de fondos especiais de estabilización e reserva para atender necesidades futuras en materia de prestacións contributivas, orixinadas por desviacións entre ingresos e gastos da Seguridade Social, foi unha esixencia institucional para o sistema da Seguridade Social, que por iso foi obxecto de especial con-

sideración en diferentes ámbitos e foros de diálogo entre as forzas políticas e sociais e o Goberno.

Tales contactos cristalizaron, primeiramente, no denominado Pacto de Toledo de abril de 1995, no que as recomendacións 1 e 2 da súa alínea IX se ocupan respectivamente da separación e clarificación das fontes de financiamento do noso sistema de Seguridade Social e da constitución de reservas no seu nivel contributivo que atenuen os efectos dos ciclos económicos; posteriormente, no Acordo de consolidación e racionalización do sistema, do 9 de outubro de 1996, que recolle aquelas recomendacións, e, finalmente, no Acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social do 9 de abril de 2001, no que os puntos I, II e III reafirman e completan as mesmas recomendacións co obxecto da separación das fontes de financiamento do sistema, da aplicación de excedentes e da dotación do Fondo de Reserva.

Os ditos pactos determinaron inicialmente a aprobación da Lei 24/1997, do 15 de xullo, de consolidación e racionalización do sistema de Seguridade Social, que, para protexer no posible o sistema ante situacións de dificultade, institucionalizou con esa finalidade o Fondo de Reserva da Seguridade Social, razón pola cal se lle deu unha nova redacción ó punto 1 do artigo 91 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Pola súa parte, o Acordo do 9 de abril de 2001 tivo o seu primeiro reflexo na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que preveu, no seu artigo 17.2, que no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe nunha posición de superávit no sistema da Seguridade Social, este se aplicará prioritariamente ó Fondo de Reserva da Seguridade Social coa finalidade de atender-las necesidades futuras do dito sistema.

Seguindo esta mesma previsión, a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 34.dous dálle nova redacción ó mencionado artigo 91.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, en virtude do cal se constituíu o Fondo de Reserva da Seguridade Social na súa Tesourería Xeral e se faculta o Goberno para fixa-la dotación dese Fondo de Reserva en cada exercicio económico e para determina-la súa materialización financeira, á parte doutras previsións sobre o carácter extraorzamentario das operacións de adquisición e disposición dos seus activos financeiros ata o último día hábil de cada exercicio económico, prazo no que se efectuará a súa definitiva imputación ó orzamento da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Ó abeiro das citadas prescricións legais, diversos acordos do Consello de Ministros foron fixando a dotación do Fondo de Reserva nos exercicios 2000, 2001 e 2002, ata superar xa os seis mil millóns de euros, adiantando no tempo o cumprimento das previsións iniciais ó respecto.

Este importante volume económico do Fondo de Reserva da Seguridade Social e dos actos de adquisición e disposición dos valores do fondo fai necesario completa-las previsións do artigo 91.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, establecendo mediante unha lei específica o réxime xurídico do Fondo de Reserva da Seguridade Social nos aspectos de maior entidade e permanencia, encomendándose, en cambio, ás normas regulamentarias a regulación dos actos de xestión, intervención e control por razóns da operatividade e flexibilidade que impoñan as circunstancias de cada momento.

Para conseguir tales obxectivos, esta lei impón que os excedentes de ingresos, que teñan carácter contri-

butivo e que resulten da liquidación dos orzamentos da Seguridade Social de cada exercicio, se apliquen prioritaria e maioritariamente á constitución do Fondo de Reserva previsto na Lei xeral da Seguridade Social.

Determina tamén esta lei o concepto de excedente orzamentario para efectos da constitución do Fondo de Reserva, así como a finalidade específica do Fondo de Reserva, o órgano que debe acorda-la súa dotación e a materialización financeira da súa reserva, e encoméndalle ó desenvolvemento regulamentario a concreta regulación da súa xestión financeira e contable.

Finalmente, ocúpase a lei de regular tanto as situacións en que procede a disposición dos activos do Fondo de Reserva como o carácter extraorzamentario das operacións de adquisición e disposición dos seus activos financeiros ata o último día hábil de cada exercicio económico.

Artigo 1. Dotación do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Os excedentes de ingresos que financian as prestacións de carácter contributivo e demais gastos necesarios para a súa xestión, que, se é o caso, resulten da consignación orzamentaria de cada exercicio ou da liquidación orzamentaria del, destinaranse prioritaria e maioritariamente, sempre que as posibilidades económicas e a situación financeira do sistema de Seguridade Social o permitan, ó Fondo de Reserva da Seguridade Social previsto no artigo 91.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

O exceso de excedentes derivado da xestión por parte das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social da prestación de incapacidade temporal por continxencias comúns, determinado de conformidade coas normas reguladoras del, destinarase a dota-lo Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Artigo 2. Determinación do excedente orzamentario por gastos por prestacións de natureza contributiva da Seguridade Social.

1. Para efectos da constitución do Fondo de Reserva da Seguridade Social, o excedente orzamentario será o correspondente ás operacións que financian prestacións de carácter contributivo e demais gastos para a súa xestión do sistema da Seguridade Social e, en concreto, no referente ás prestacións contributivas, conforme a delimitación establecida no punto 2.a) do artigo 86 e na disposición transitoria décimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, con exclusión do resultado obtido polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

2. O excedente orzamentario por gastos relativos a prestacións de natureza contributiva do sistema da Seguridade Social en cada exercicio económico será o constituído pola diferenza entre os dereitos e as obrigas polos importes recoñecidos netos por operacións non financeiras, correspondentes ás entidades xestoras e Tesourería Xeral da Seguridade Social, corrixida conforme criterios de máxima prudencia, na forma que regulamentariamente se estableza, respectando os principios e as normas de contabilidade establecidos no Plan xeral de contabilidade pública.

Artigo 3. Acordo para a dotación do Fondo e a súa materialización.

1. As dotacións efectivas e materializacións do Fondo de Reserva da Seguridade Social, sempre que as posi-

bilidades económicas e a situación financeira do sistema o permitan, serán as acordadas, alomenos unha vez en cada exercicio económico, polo Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Facenda e de Economía.

2. Os rendementos de calquera natureza que xeren a conta do Fondo de Reserva e os activos financeiros en que se materializasen as dotacións do Fondo de Reserva integraranse automaticamente nas dotacións do Fondo.

Artigo 4. *Disposición de activos do Fondo.*

A disposición dos activos do Fondo de Reserva da Seguridade Social destinarase con carácter exclusivo ó financiamento das pensións de carácter contributivo e demais gastos necesarios para a súa xestión, e só será posible en situacións estruturais de déficit por operacións non financeiras do sistema da Seguridade Social, non poderá exceder en cada ano do tres por cento da suma de ámbolos conceptos e precisará de autorización previa do Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Facenda e de Economía.

Artigo 5. *Xestión financeira do Fondo.*

Os valores en que se materialice o Fondo de Reserva serán títulos emitidos por persoas xurídicas públicas.

Regulamentariamente determinaranse os valores que deberán constituí-la carteira do Fondo de Reserva, graos de liquidez dela, supostos de alleamento dos activos financeiros que o integran e demais actos de xestión financeira do Fondo de Reserva.

Artigo 6. *Comité de Xestión do Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

Para o superior asesoramento, control e ordenación da xestión económica do Fondo de Reserva créase o Comité de Xestión do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

O dito comité estará presidido polo secretario de Estado da Seguridade Social e comporase, ademais, dun vicepresidente primeiro, que será o secretario de Estado de Economía, e dun vicepresidente segundo, que será o secretario de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda, así como do director xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do director xeral do Tesouro e Política Financeira e do interventor xeral da Seguridade Social. Actuará como secretario do comité, sen voz nin voto, o subdirector xeral de Ordenación de Pagamentos e Xestión do Fondo de Reserva da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Este comité terá as funcións de formular propostas de ordenación, asesoramento, selección de valores que deberán constituí-la carteira do Fondo, alleamento de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, e o control superior da xestión do Fondo de Reserva da Seguridade Social, así como elabora-lo informe que se lles presentará ás Cortes Xerais sobre a evolución do dito Fondo.

Artigo 7. *Comisión Asesora de Investimentos do Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

Para o asesoramento do Comité de Xestión do Fondo de Reserva da Seguridade Social, co obxecto da selección dos valores que deberán constituí-la carteira do Fondo de Reserva da Seguridade Social, formulación de propostas de adquisición de activos e de alleamento deles e demais actuacións financeiras do fondo, créase a Comi-

sión Asesora de Investimentos do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Esta comisión estará presidida polo secretario de Estado de Economía e estará composta, ademais, por:

O director xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O director xeral do Tesouro e Política Financeira.

O director xeral de Política Económica.

O interventor xeral da Seguridade Social.

O subdirector xeral de Ordenación de Pagamentos e Xestión do Fondo de Reserva da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que exercerá as funcións de secretario da comisión, con voz pero sen voto.

Artigo 8. *Comisión de Seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

Para coñecer da evolución do fondo, créase unha comisión de seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Esta comisión de seguimento estará presidida polo secretario de Estado da Seguridade Social ou persoa que el mesmo designe e comporase, ademais, de tres representantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, designados polo secretario de Estado da Seguridade Social, un representante do Ministerio de Economía, un representante do Ministerio de Facenda, catro representantes dos distintos sindicatos e catro representantes das organizacións empresariais, en ámbolos casos, de maior implantación. Actuará como secretario da comisión, sen voz nin voto, o subdirector xeral de Ordenación de Pagamentos e Xestión do Fondo de Reserva da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A comisión de seguimento coñecerá semestralmente da evolución e composición do Fondo de Reserva, para o cal o Comité de Xestión do Fondo de Reserva, a Comisión Asesora de Investimentos do Fondo de Reserva e a Tesourería Xeral da Seguridade Social facilitarán información sobre tales extremos con carácter previo ás reunións que manteña a dita comisión.

Artigo 9. *Carácter das operacións de xestión e imputación orzamentaria.*

As materializacións, investimentos, reinvestimentos e desinvestimentos e demais operacións de adquisición, disposición e xestión dos activos financeiros do Fondo de Reserva da Seguridade Social correspondentes a cada exercicio terán carácter extraorzamentario e imputaranse definitivamente, con referencia ó seu último día hábil, ó orzamento da Tesourería Xeral da Seguridade Social, conforme a situación patrimonial do Fondo de Reserva na dita data; para este efecto serán obxecto de adecuación os créditos orzamentarios.

Disposición adicional primeira. *Modificación do artigo 91 da Lei xeral da Seguridade Social.*

Modifícase o punto 1 do artigo 91 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. Na Tesourería Xeral da Seguridade Social constituirase un Fondo de Reserva da Seguridade Social coa finalidade de atender as necesidades futuras do sistema da Seguridade Social en materia de prestacións contributivas, na forma e demais condicións que determine a súa lei reguladora.»

Disposición adicional segunda. *Modificación do artigo 149 da Lei xeral orzamentaria.*

Engádese unha nova alínea d) no artigo 149 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, nos termos que se indican, pasando a actual alínea d) a constituí-la alínea e):

«d) Os destinados a dota-lo Fondo de Reserva da Seguridade Social.»

Disposición adicional terceira. *Información ás Cortes Xerais.*

O Goberno presentará ás Cortes Xerais un informe anual sobre a evolución e a composición do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Disposición transitoria única. *Ingresos e gastos por complementos a mínimos para efectos da determinación de excedentes do Fondo de Reserva.*

Mentres non se complete o financiamento establecido na disposición transitoria décimo cuarta da Lei xeral

da Seguridade Social, no cálculo do resultado orzamentario a que se refiren os artigos 1 e 2 desta lei, computaranse os gastos correspondentes ós complementos para pensións mínimas e os ingresos recibidos polo Estado para o seu financiamento.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para dicta-las normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O disposto nesta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de setembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ